

Estratexia 2024

REDCIDI





Obxectivos estratéxicos 2024

Unha vez asentadas as bases da rede de centros e establecidas as liñas de actuación, de cara ao 2024 contemplamos establecer como obxectivos estratéxicos os seguintes:

OE₁ Fortalecemento REDCIDI

Durante o ano 2023 a REDCIDI centrouse principalmente na aportación de soporte para os centros de investigación coas necesidades máis inminentes. O obxectivo, de cara ao 2024, estará orientado a establecer e fortalecer a cultura da rede e a súa función cos integrantes da mesma.

OE₃ Accións intercentros

O positivo resultado das accións intercentros desenvoltras durante o primeiro ano de funcionamento permitiron reafirmar que as accións mixtas maximizan os obxectivos e favorecen unha xestión eficiente dos recursos. Ao longo do 2024, continuaremos a desenvolver proxectos e accións mixtas que permitan o crecemento dos centros de investigación e colaborarase na creación de ferramentas que simplifiquen algunhas das xestións propias do centro.

OE₂ Potenciación da cultura do centro

O conxunto dos centros de investigación, no seu afán pola constante procura da excelencia, deben de prestar especial atención e continuar desenvolvendo a cultura do seu propio centro. O obxectivo da rede é potenciar a cultura de centro por medio de accións que promovan a transparencia e mellora da comunicación interna co fin de favorecer o fortalecemento da marca e a atracción do talento. A labor da rede estará principalmente enfocados no asesoramento e acompañamento durante todos os procesos de cambios que, de maneira individualizada, deberán de adoptar para fortalecer a cultura do centro.

OE₄ Oportunidades estratéxicas

A UDC sitúase actualmente nunha contorna con grandes oportunidades de crecemento e evolución nos ámbitos da innovación e transferencia, considérase fundamental a colaboración para mellorar o posicionamento da universidade e dos centros de investigación dentro de Galicia. Ante este novo marco de oportunidades, realizarase un proceso de adaptación das estruturas existentes á nova contorna para ofrecer unha visión máis innovadora. Neste eido considerarase tamén a integración dos Centros de investigación en estruturas eficientes como os Campus de Especialización.



Obxectivos estratéxicos

Obxectivos operativos

Accións

OE₁ Fortalecemento REDCIDI

Reforzo normativo	Redacción e aprobación nova normativa REDCIDI
Reforzo estrutural	Dotar novas prazas na UTX REDCIDI
Reforzo identidade	Posicionamento da REDCIDI na política de comunicación
Panel de indicadores	Indicadores da actividade investigadora dos Centros Indicadores económicos de Centros Indicadores de Grupos UDC Indicadores Talento UDC
Cultura REDCIDI	Rendición contas Reunións bimensuais Mesas de debate Portas abertas internas

OE₂ Potenciación da cultura de Centro

Reforzo normativo	Redeseño normativo RRI Redeseño normativo adscrición
Transparencia	Rendición contas Consellos Reitores Rendición contas comunidade do Centro
Cultura organizativa	Ferramentas de comunicación internas Actividades internas Rede Alumni

Obxectivos estratéxicos

Obxectivos operativos

Accións

OE₃ Accións intercentros

Ferramentas de xestión	Rexistro do persoal do Centro Estratexia xestión de datos
Accións formativas	Externas Propias

OE₄ Oportunidades estratéxicas

Internos	Redefinición de Centros Campus Especialización
Externos	Encontros TIC e Bio
Mixtos	Cidade das TICs

Rede de centros e unidades de I+D+i

REDCIDi 2024

